

ESTERCOQUECER: CALEFACCIÓN DUN INVERNADOIRO APROVEITANDO A ENERXÍA TÉRMICA DUN MONTÓN DE ESTERCO (FEADER AC2021C-06)

Este proxecto permitiu desenvolver un sistema de captación da enerxía térmica dun montón de esterco.

Como vantaxes do sistema:

- A carga e descarga do montón de esterco é fácil.
- O investimento en maquinaria é baixo (2 fancoils e unha bomba de calefacción) .
- O consumo eléctrico é baixo (282 w), o que permitiría substituír a acometida eléctrica por un sistema de placas solares e baterías.
- O funcionamento continuo do sistema permite a calefacción do invernadoiro pola noite; durante o día permite reducir as altas temperatura do invernadoiro e recuperar parte do calor cara á montón de esterco.

Como inconvenientes do sistema:

- A temperatura acadada polo invernadoiro non é moi elevada.
- Non sobemos o comportamento do sistema a temperaturas máis baixas.
- O custo da obra civil pode ser importante e habería que avaliar o seu comportamento ao longo dos anos, sobre todo a aparición de fugas de auga.